



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Corbacho Valencia, Juan Manuel  
Fernández Iglesias, Manuel  
Fernández Jáuregui, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
González Álvarez, Dolores  
Graña Rodríguez, Ana María  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Pena Uris, Gloria M.  
Rodríguez Vázquez, Virxilio

### DECANOS/DIRECTORES

Collazo Fernández, Antonio  
Cuiñas Gómez, Íñigo  
Fernández Prieto, Marta  
García Señorán, María del Mar  
Gómez Fraiz, Santiago  
Pillado González, Esther  
Reboreda Morillo, Susana  
Rodríguez Martínez, Fco. Javier  
Romo Pérez, Vicente

### PDI-A

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos  
Collazo Fernández, Antonio  
Llamas Nistal Martín  
Pérez Cota Manuel  
Pino García, Antonio  
Reigosa Roger Manuel Joaquín  
Rivo López Elena

### PDI-B

González Jorge, Higinio

### ESTUDANTES

Hidalgo Robatto, Bettiana Marcela  
Moldes Pita, Óscar  
Rivera González, Paula

### PAS

Mollinedo Lois, Carlos  
Pérez Gómez, Luis

### CONSELLO SOCIAL

Blanco Gómez, César  
Calviño Rodríguez, Xulio  
Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

Diez Ferrer, José Bienvenido

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Bueno Alonso, Jorge Luis  
Castro Cerceda, M. Luisa  
García-Pintos Escuder, Adela  
Longo González, M. Asunción  
Meana Martínez, Juan Carlos  
Pardo Froján, Juan E.  
Rubio Armesto, Belén  
Vázquez-Rey Farto, Ernesto

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 22 de novembro de 2017, convocada para as 11:00 h en primeira convocatoria e ás 11:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

Ás 11:30 h do día **22 de novembro de 2017** deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 9 de outubro de 2017.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da oferta de emprego público do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo para o ano 2017.
4. Informe sobre a Memoria de Responsabilidade Social Universitaria 2016.
5. Aprobación, se procede, da modificación da relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos laboral.
6. Aprobación, se procede, da oferta de emprego público do persoal de administración e servizos.
7. Aprobación, se procede, da proposta de alleamento de ben inmovible de carácter patrimonial da Universidade de Vigo.
8. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por Fernando Pérez Fontán, Francisco Javier Fraile Peláez e José Luis Rodríguez Rodríguez contra o procedemento de asignación de docencia de grao aprobado no Consello de Departamento do 14 de xullo de 2017.
9. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por Miguel Cuevas Alonso sobre o acordo da Xunta de Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte do 05/07/17, no que se aproban as actas das xuntanzas anteriores.
10. Presentación do informe do Comisionado do Campus do Mar sobre a Memoria do ano 2016-17.
11. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de cooperación académica entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do Máster universitario en Xenómica e Xenética –Convenio de cooperación académica entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade

de Vigo para o desenvolvemento do Máster universitario en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos Non Tripulados – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña para a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do título de Máster Universitario en Ciberseguridade – Convenio de cooperación académica entre a Universidade da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do Máster en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do título de Máster Universitario en Economía – Convenio de cooperación académica entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do Máster Universitario en Acuicultura – Convenio de cooperación académica entre a universidade de Santiago de Compostela a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre e Xestión do Medio Natural – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad La Salle Noroeste* – Convenio marco de cooperación entre a Universidade de Vigo e o *Instituto Departamental de Bellas Artes* – Convenio de colaboración entre a Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para proporcionar aos investigadores do SUG acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación – Convenio.marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma Latinoamericana –UNAULA-(Colombia)*.

## 12. Rogos e preguntas.

O reitor dá lectura aos nomes dos membros do Consello de Goberno que xustifican a súa asistencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

### 1. **Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 9 de outubro de 2017.**

O reitor explica que tan só se presentou unha alegación á acta, por parte do representante do estudantado Óscar Moldes, para corrixir un erro no punto de “Rogos e Preguntas”, xa que figuraba o nome doutro estudante nunha intervención levada a cabo por el mesmo.

Unha vez corrixido, e non habendo outras consideracións, apróbase por asentimento.

### 2. **Informe do reitor.**

Comeza o reitor dando conta da recente mellora do mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia para os anos 2017-2021. Lembra que xa se informara das liñas xerais do acordo acerca dos criterios para a presentación de propostas de novos títulos de grao e mestrado, tanto no Consello de Goberno como nos consellos de campus e nas reunións mantidas coas direccións e decanatos dos centros. Requirimentos que implican a supresión doutro título, o a redución do

número de entrada de estudantes a 45 nos campus periféricos ou 50 nos centrais no centro propoñente, ou no caso de titulacións transversais, nos centros ou campus implicados. Subliña o reitor que a nosa Universidade foi moi respectuosa con este acordo na súa proposta, e se presentaron dous títulos novos de grao: Enxeñaría biomédica, que se implantará o curso 2018-19, e Deseño e Creación no 2019-20, segundo a expresión de interese que foi aprobada no Consello de Goberno.

Comenta que o obxectivo da Universidade de Vigo era consolidar a oferta de títulos xa existentes, e, grazas ao traballo realizado por todos e a seriedade da proposta realizada, logrouse a estabilización daqueles títulos que estaban sometidos a plans de viabilidade polo que, reitera, a implantación das novas titulacións non suprime ningún título.

No caso das outras universidades do SUG, propuxéronse 12 novos títulos, pero que implican a retirada de 8 graos, catro por cada universidade, que presentan moi baixa demanda de estudantes. Lembra o reitor que neste punto do procedemento se presenta a expresión de interese, polo que a UVigo estivo sempre vixiante de que se cumpriran os compromisos e criterios acordados por todos. Así, aclara, interveuse cando existía duplicidade de contidos ou elementos redundantes, o que fixo que se introduciran importantes cambios nas propostas realizadas. Tamén instouse a que se especificara a que título substitúe cada un dos novos, ou de onde procede a redución de matrícula. De xeito que, nesta primeira etapa se cumpriron os acordos. Pon por exemplo, para a implantación dun dos novos graos da UdC, o grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos, a redución de matrícula se realiza en Enxeñaría Informática e en Arquitectura Técnica, polo tanto no ámbito tecnolóxico. No caso da USC o novo grao en Bioquímica Agroforestal (campus de Lugo), diminúe matrícula en Procesos Químicos Industriais e noutro título que aínda non se concretou.

Explica que os títulos que están máis avanzados para a súa implantación son o grao en Biotecnoloxía (campus de Santiago), o grado en Criminoloxía (Santiago), Enxeñaría biomédica (Campus Vigo) e o grao en Paisaxe, compartido entre a USC e UdC. Polo tanto, nestes se puideron analizar as memorias, nos demais será necesario seguir o analizando todos os pasos e facer as alegacións que se estimen oportunas. Pero, lembra o reitor, para formular o rexeitamento a un título tería que producirse un incumprimento claro dos requisitos establecidos nos acordos. Cando se presenten as memorias, deberá incluírse un pan de viabilidade dos recursos humanos e materiais dos títulos que se suprimen.

Salienta o reitor que, a oferta dun maior número de graos implica a substitución de máis títulos con baixo alumnado, e polo tanto, é síntoma dun sistema máis ineficiente.

Subliña que os obxectivos da UVigo están cumpridos: os títulos de grao e máster propostos foron aprobados. Dos graos que estaban en planes de viabilidade, o Grao de Enxeñaría de Minas foi considerado título singular estratéxico, polo cal sae destes plans e queda consolidado de xeito permanente. Dirección e Xestión Pública, Historia e Ciencias da Linguaxe, teñen informe positivo no segundo ano do período, dos tres do plan de viabilidade, polo que están en proceso de consolidación, polo que non se contempla ningunha acción. Engade que cos números de matrícula deste curso o terceiro informe será favorable. En relación coa titulación da Facultade de Ciencias, cumpren o decreto 161/2015 ao computar conxuntamente o estudantado de novo ingreso, por ter o mínimo de 90 ECTS comúns. Enxeñaría Forestal, explica o reitor, non cumpre os requisitos do decreto, pero lembra que este título conta co informe favorable dos avaliadores externos no desenvolvemento do plan de viabilidade. Polo tanto, non entrou na obriga de supresión neste curso pero, no caso de que no terceiro ano do plano de viabilidade non se

produza unha mellora, habería que establecer unhas directrices conxuntas entre as universidades para a colaboración co seu título homólogo, Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural. Subliña que non se trata de fusionar os títulos nun grao interuniversitario, senón de establecer liñas de cooperación entre eses graos, para a potenciación da oferta docente. Comenta que a implantación de títulos interuniversitarios é realmente complexa e orixina moitas dificultades, polo que preferiuse plasmar o acordo como un marco para a colaboración. E o debate acerca do posible marco, levarase a cabo no próximo Consorcio Interuniversitario de Galicia, á petición da UVigo.

Do mesmo xeito, prosegue, tamén se acordou debater no CISUG a situación dos títulos multiplicados de alta demanda (Administración e Dirección de Empresas, Química, Bioloxía, Comunicación Audiovisual, Enfermería, Dereito, Educación Primaria, Educación Infantil e Enxeñaría Informática), para que as actuacións sexan tomadas academicamente, non por imposición política.

No segundo punto do seu informe, o reitor da conta de que, a pesar de que non está aínda asinado por dificultades de axenda, xa está consignado o acordo coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galiza para a dotación de distintas infraestruturas por un total de 3.610.000 euros. Nel se inclúen: 2.114.000 € para o equipamento dos laboratorios da Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo para o desenvolvemento do grao en Enxeñaría Aeroespacial; 595.860 euros para completar as instalacións básicas e equipamento á planta de Talleres de investigación do Centro de Investigación Tecnolóxico Industrial – MTI; unha aportación de 300.000 € para o Centro de Investigacións Agroalimentarias, o CIA3, para realizar as melloras que lle permitan acadar a nota de corte necesaria para a súa financiación como Agrupación Estratéxica Consolidada/Centro Singular de Investigación na seguinte convocatoria; Cofinanciamento de equipamento e infraestruturas científico técnicas que inclúen CACTI, EIMAT e o invernadoiro de investigación do campus de Ourense (210.778 €); financiamento específico de Apoio á especialización dos campus Auga, Vigo Tecnolóxico e Campus Crea, con 120.000 € para cada un; inclúese tamén unha partida para a realización de xornadas de portas abertas nos centros singulares de investigación (30.000 €).

Indica que este convenio é xa unha realidade, pero que estase traballando na consecución dun financiamento específico fundamentalmente dirixido ao Campus do Mar e Campus Crea S2i, polo que confía en breve presentar a noticia da súa consecución.

Prosegue expoñendo os excelentes resultados acadados pola Universidade de Vigo nos datos finais de matrícula deste curso, no que acadou o 99,7% da ocupación das prazas ofertadas, a máis elevada do SUG, sendo o Campus de Ourense o que ten a taxa maior (101,7 %), seguido de Pontevedra (100 %) e Vigo (98,8%). A USC acada o 93,3% de ocupación pero cun 67% no Campus de Lugo. A UdC, ten unha taxa do 88,5 % cun 71% en Ferrol. Destaca o reitor que estes resultados derivan do modelo de universidade, cun perfil de especialización claro para cada campus, que demostra que pode ser eficiente no seu conxunto. A demografía non é o factor definitorio, engade, xa que Ourense ten unhas condicións similares, pero ten case a metade dos matriculados de fóra.

No seguinte punto do informe da conta da recente celebración da Asamblea Xeral da RIET (Red Ibérica de Entidades Transfronterizas) en Huelva. Tras explicar a constitución da rede, indica que a nosa universidade é moi activa nela, xa que aposta pola cooperación intelixente con Portugal. Pero, continúa, esta cooperación representa outro beneficios moi importantes para a

universidade: mellora o noso posicionamento nos ránkins, como se demostra nos informes como o CYD, ou Universidade Española en cifras, nos que a UVigo ten unha excelente valoración, pero tamén supón hermanamento entre pobos, dinamización de proxectos e unha excelente posibilidade de captación de recursos e de xeración de actividade, emprego e economía. Polo tanto, conclúe non supón só relacións institucionais, senón que produce resultados.

Continuando coas relacións internacionais, dá conta das reunións mantida cos institutos federais do Brasil coas que se quere levar a cabo unha colaboración no eido do doutoramento e de máster para ofrecer ao seu alumnado, xa que precisan formar doutores e doutoras e eles non poden ofertar programas de doutoramento. Polo que teñen especial interese en posibilitarlles aos seus titulados a posibilidade de matricularse nun doutoramento europeo. Despois da xuntanza mantida en Vigo, celebrárase outra en Brasil, coa rede estatal de Universidades Federais, para asinar un convenio xeral e convenios específicos cos centros que están interesados. Confía o reitor en que na primavera poida estar materializado

Así a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, presentou a oferta de programas de doutoramento que ten a Universidade de Vigo, con especial énfase na vertente internacional destes estudos.

Informa tamén de que a Xunta vai realizar a primeira misión internacional do SUG en México, cos tres reitores, para reunirse coa Asemblea de reitores das universidades mexicanas, na que asinarán un primeiro protocolo de entendemento co Sistema universitario mexicano. Tamén se manterán reunións específicas con algunhas universidades para establecer relacións institucionais e académicas.

No eido da especialización dos Campus, destaca o reitor como exemplo de cooperación internacional o proxecto Erasmus+ Lapassion (Latin-America Practices and Soft Skills for and Innovation Oriented Network), vencellado aos obxectivos do Campus Crea e conformada por 15 institucións, entre elas as universidades Vigo e Salamanca e catro institutos federais do Brasil, os de Triángulo Mineiro, Goiás, Maranhão e Amazonas, xunto co Consello Federal de Reitores, ademais de institucións e universidades de Finlandia, Uruguai e Chile. Este proxecto foi presentado e posto en valor na visita dos institutos federais do Brasil a Vigo.

Tamén nesta senda, prosigue o reitor, o proxecto de especialización do Campus de Ourense, o Campus da Auga, foi presentado a pasada semana en Bos Aires no Water and Development Congress and Exhibition 2017, foro de referencia no eido da auga co obxecto de establecer relacións con universidades e centros de investigación de especial interese que impulsen a internacionalización, destacando os contactos mantidos con representantes de entidades como o CAS-TWAS Centre of Excellence for Water and Environment, Min Yang, radicado en China; a Universidad Autónoma de Baja California, en México, e a Universidade Federal de Bahía, en Brasil. Tamén se perfilaron liñas de colaboración do Campus da Auga coa Universidade Federal Fluminense, de Brasil na visita realizada polo vicerreitor a esta Universidade.

Para finalizar o reitor felicita ao presidente do Consello Social, Ernesto Pedrosa, que hoxe recibirá o recoñecemento como “Amigo distinguido da Universidade de Vigo”, froito do seu traballo para esta Universidade. Destaca a proactividade do Consello Social e a conexión coa sociedade que nos procura.

Felicita tamén ao catedrático David Posada que, por décimo sétimo ano consecutivo se confirma como un dos investigadores máis citados do mundo, segundo o listado anual que inclúe ás e aos principais investigadores das ciencias e ciencias sociais de todo o mundo con máis citas, no

período comprendido entre os anos 2005 e 2015. Recoñecemento que pon de manifesto a excelencia dos nosos investigadores, di o reitor, e que nos enche de orgullo.

Dá conta tamén da concesión dos Premios de Transferencia de Tecnoloxía en Galicia 2017, outorgados pola Real Academia Galega de Ciencias, que recoñeceu co galardón “Mellor caso de éxito de transferencia de tecnoloxía na categoría de grandes empresas” á colaboración entre o Grupo de Tecnoloxías Enerxéticas da Universidade de Vigo, un equipo composto por máis de trinta investigadores e investigadoras da EEI e a Empresa BorgWarner Emissions Systems.

E do mesmo xeito, destaca que a Sociedade Internacional de Mecánica de Rochas, entidade que engloba a máis de 5000 socios de 46 países diferentes, premia por primeira vez a un investigador español Javier Arzúa, da Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía. Di o reitor que cada vez son máis os galardóns polo que se pode esquecer algún, pero debe expresarse no consello de goberno as felicitacións a todos investigadores que co seu traballo fan máis grande a nosa universidade.

Nesta liña, indica o reitor que a finais de outubro presentouse BIDI, o Buscador de I+D+i da Universidade de Vigo, unha ferramenta coa que se quere poñer en valor o traballo e as capacidades de 1800 investigadoras e investigadores de preto de 200 grupos para que a sociedade visualice as capacidades e se poida achegar para a resolución de cuestións de I+D+i.

Para concluír informa da entrega dos I Premios de Investigación, Transferencia, Innovación Educativa e Divulgación Científica do Campus da Auga o día 13 de decembro, así como de que o 15 do mesmo mes se abrirá oficialmente o programa de doutoramento “Auga, Sostibilidade e Desenvolvemento”

### **3. Aprobación, se procede, da oferta de emprego público do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo para o ano 2017.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización académica e Profesorado.

Explica a vicerreitora que foi achegado, xunto coa documentación, un acordo da COAP en relación coa oferta de emprego público de PDI da Universidade de Vigo para o ano 2017, aplicando os criterios que foron aprobados na sesión de Consello de Goberno que tivo lugar o 9 de outubro deste ano. Di que antes de realizar esta proposta estudiáronse as solicitudes do profesorado contratado doutor interino que poderían optar por unha praza, ben de PCD ou PTU fixas e tamén das persoas que poden participar na convocatoria porque remataron o seu contrato como Ramón y Cajal e posúen a acreditación I3.

Como resultado da análise de todas as solicitudes e trala aplicación dos criterios anteditos, resulta unha proposta de oferta de emprego público consistente na convocatoria de:

- 1) 34 prazas de profesorado docente e investigador, distribuídas como:
  - 14 prazas de profesorado contratado doutor.
  - 20 prazas de profesorado titular de universidade (das cales 3 corresponden á areas con persoal investigador que finalizara o programa "Ramón y Cajal" e acadara a acreditación I3.
- 2) Aprobar a proposta de convocatoria a concurso de 20 prazas de promoción interna a catedrática ou catedrático de universidade.

Continúa a vicerreitora indicando que a COAP tiña delegada a asignación de campus a estas prazas, no caso de que non estivera determinado previamente, e se manteñen no campus no que

as persoas están actualmente. Explica que só faltaba por realizar a asignación no caso das 3 prazas de RyC, polo que tras analizar a situación das áreas acordouse que a praza da Área de Edafoloxía e Química Agrícola corresponderá ao Campus de Ourense e as de Filoloxía Inglesa e Óptica corresponderán ao Campus de Vigo. A partir deste momento, lembra a vicerreitora, o procedemento consiste en comunicar á Dirección Xeral de Orzamentos da Xunta de Galicia a oferta de emprego público para a súa autorización e posterior publicación no DOG, que debe realizarse necesariamente no ano 2017.

Continúa expoñendo que queda pendente de acordar os criterios para a convocatoria de 7 prazas de PTU que non teñen área asignada, así como os criterios de selección das áreas para as 20 prazas de PCU que constan na oferta de emprego público.

Subliña que na sesión de hoxe corresponde aprobar o número e tipo de prazas. Os criterios para a selección de áreas están pendentes dunha negociación que comezará en breve. E finaliza destacando que esta oferta de emprego público foi aprobada por unanimidade, tanto na mesa de negociación como na COAP.

Resalta o reitor que se maximizan as posibilidades que ofrece a taxa de reposición, coas últimas flexibilizacións. O profesor Reigosa Roger indica que ao tratarse só do número e tipo de prazas e non dos criterios de selección, non vai votar en contra.

Apróbase por asentimento (**Anexo I**).

#### **4. Informe sobre a Memoria de Responsabilidade Social Universitaria 2016.**

Para a presentación deste punto, foi invitado a participar o Comisionado de Plans Estratéxicos, Francisco Xabier Martínez Cobas.

Comeza a presentación indicando que a única novidade con respecto ao ano pasado é que neste conseguíuse interiorizar cos cambios da RPT á propia memoria no traballo da Unidade de Análises e Programas, de xeito que nos anos posteriores a memoria poderá continuar co seu cometido, con independencia das persoas que se ocupe da xestión. Ao igual que nos anos anteriores o modelo se axusta aos principios establecidos pola Global Reporting Initiative (GRI), iniciativa inserida no Pacto Social Mundial, ao que a Universidade de Vigo está adherida coma institución.

O comisionado explica a estrutura da memoria, formalizada en 7 capítulos. O primeiro é a presentación da propia memoria polo reitor, e os dous seguintes a presentación da propia Universidade. O capítulo 4 está dedicado aos estudantes e ao persoal da institución. O quinto se refire á sustentabilidade económica da universidade, estando o seguinte centrado na sustentabilidade medioambiental. E o último capítulo está dedicado ás relacións coa sociedade no seu conxunto.

Subliña que se trata dun modelo estandarizado, en liña co presentado en anos anteriores, e ofrécese a responder ás cuestións que se formulen.

No se formula ningunha cuestión, polo que se aproba por asentimento (**Anexo II**).

#### **5. Aprobación, se procede, da modificación da relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos laboral.**

O reitor cede a palabra ao xerente para a presentación deste punto.

Expón o xerente que, como figura na documentación achegada, propónse unha modificación da RPT do persoal de administración e servizos, que permite un mellor axuste do cadro de persoal á evolución das necesidades da universidade. Nesta proposta se reflicte esa adaptación á apertura dunha nova infraestrutura no Campus de Ourense, que é a nova sede do Campus da Auga, así como o desenvolvemento da titulación de Grao en Enxeñaría Aeroespacial.

Continúa explicando que se trata dunha proposta negociada ao longo de varios meses e agradece a colaboración dos representantes dos traballadores e intensidade do proceso. Subliña que hai acordo por ambas partes polo que se solicita a aprobación da mesma.

Intervén o Sr. Luis Pérez para pedir o voto a favor a unha modificación da RPT, o que destaca como unha novidade. Realiza unha reflexión acerca do tempo que se leva mantendo estruturas de confrontación que non son desexables e que conlevan o peche en falso dos temas, con consecuencias no futuro. Polo cal, di que intentaron provocar un cambio na dinámica e agradece á xerencia que ese cambio fora posible. Señala que o diálogo e a vontade negociadora en algúns casos pode levar a acordos, noutros casos non, pero conduce a puntos que poden ser asumibles por ambas partes. Refire que se trata dunha modificación puntual que afecta ao campus de Ourense, que ten unhas características singulares que deben ser tidas en conta, para lograr unha correcta funcionalidade. Recoñece que no proceso houbo cesión por ambas partes e que hai aspectos que haberá que seguir negociando, pero cre que a modificación aumentará a eficiencia e axude a rebaixar a o clima de tensión laboral existente. Finaliza indicando que se ben o tempo dirá se se acertou e se logran os obxectivos marcados, pero debe recoñecerse o traballo realizado por parte da Xerencia e do Comité de empresa de Ourense.

Reitera o reitor a petición de que se siga este camiño de negociación.

Apróbase por asentimento (**Anexo III**).

## **6. Aprobación, se procede, da oferta de emprego público do persoal de administración e servizos.**

Cede novamente a palabra ao xerente, que explica que o procedemento a seguir é similar ao indicado nun punto anterior para o PDI, é necesario aprobar a oferta e remítela ao DOG para que se publique antes do 31 de decembro.

Comeza referindo que neste caso tamén se seguiu un longo proceso de negociación, pero non se acadou pleno acordo con todos os representantes dos traballadores. No entanto, novamente agradece o talante e a actitude manifestados, así como o desenvolvemento do proceso en xeral.

Pasa a explicar a proposta achegada coa documentación. Como consecuencia da taxa de reposición do 100% e de que para o PAS, a diferenza do PDI, non se produciron modificacións na redacción lei de orzamentos do estado, só se poden ofertar as prazas derivadas de baixas, que no ano 2016 son un total de seis. Na proposta de oferta de emprego público que se presenta, as seis prazas se destinan a PAS laboral, centrándonos naquelas prazas que incluídas na RPT aprobada en outubro que na actualidade non están cubertas porque non existen listas de agarda ou porque non existía ningún proceso selectivo previo xa que se tratan de novas categorías profesionais. As prazas son: 1 praza de Técnico Superior de Igualdade, 1 praza de Técnico Superior de Calidade Ambiental e Histoloxía e 4 prazas de Técnico Superior de I + D, categoría que é na que hai máis vacantes no PAS-L.



No que se refire á promoción interna, explica, se respectan os compromisos adquiridos e o propio texto do convenio colectivo, ao igual que se fixo na OPE do ano pasado, se propoñen 6 prazas de promoción para PAS-Laboral e, no caso de PAS Funcionario, en resposta deses compromisos formulados polo reitor e pola xerencia, se completa o ciclo de promoción de C2 a C1 e de C1 a A2.

Finalizada a presentación, o reitor abre unha rolda de intervencións.

Intervén en primeiro lugar Carlos Mollinedo e expón que, como membro da mesa de negociación, confirma que a pesar de que non houbo acordo, si que se presentaron propostas. Pero comprobouse que hai 88 prazas de persoal interino, ás que non houbo opción nin por libre nin por promoción interna e o Comité de empresa de Pontevedra presentou unha proposta ambiciosa, mantendo o criterio que marcaba a lei da taxa de reposición para a oferta pública libre. Pretendíamos a oferta compensara a metade desas prazas, saíndo 6 a oferta libre e o resto, outras 38, se ofertaran para promoción interna. Isto non suporía custo extra para a universidade pero podería favorecer a algúns compañeiros. Polo tanto, non vai poder apoiar esta proposta xa que se ben coincide nos 6 da taxa de reposición, considera que a promoción interna podía ser moio máis ampla. Pero A lei non o permite.

Toma a palabra Luis Pérez. Comeza a súa intervención do mesmo xeito que no punto anterior, pedindo aos membros do consello de goberno a aprobación deste punto, pero explica que a súa posición persoal como membro do comité negociador vai ser absterse, porque é certo que houbo diálogo e negociación, houbo vontade, pero non houbo acordo. Di que representa ao comité de Ourense de PAS-Laboral e entenden que na proposta que presentaron se daban todos os elementos para un acordo, e ao non terse acadado debe absterse.

Responde o xerente, que coincide en que si houbo proceso negociador, como trasladan os representantes. A continuación expón que a promoción interna ten que estar equilibrada coa convocatoria de prazas de acceso libre, ao igual que na OPE que se aprobou o ano pasado. A proposta do comité de Pontevedra era extraordinariamente ambiciosa pero non era asumible xa que, de levar a cabo, a mesma profesionais que neste intre ,por mor da execución da nova RPT do PAS Laboral, están a traballar cun vínculo de interinidade non terían a posibilidade de acceder as prazas que ocupan. Engade que dado que teñen expectativas de que o ano que ven a lei de orzamentos do Estado amplíe o número de prazas por taxa de reposición con aquelas que xa están dotadas orzamentariamente e que levan un tempo ocupadas, ao igual que se fixo este ano para o PDI, a proposta formulada pola Xerencia vai no senso de traballar dende o principio do exercicio 2018, a espera da redacción definitiva do texto de Orzamentos do Estado, para permitir a estabilización do persoal que neste intre e interino, de xeito que o persoal que xa esta a traballar teña a posibilidade de acceder as prazas que desempeña actualmente. E neste sentido xa hai unha proposta na mesa de negociación. Considera que o ano que ven haberá a posibilidade de incluír unha gran parte das oitenta e pico prazas pero sempre mantendo o equilibrio entre prazas de acceso libre e prazas de promoción interna. Engade que, entre outros motivos, porque unha parte das persoas que están ocupando eses postos de traballo, coa proposta formulada polo comité de Pontevedra, non poderían presentarse a esas prazas se saíran por promoción interna.

Explica que o compromiso do equipo de goberno e da xerencia é que en canto pase o nadal, sentarse a analizar as posibilidades, na expectativa de que o ministerio modifique a redacción para o PAS e a equipare á do PDI, na procura dunha proposta que realmente permita reducir o nivel de interinidade ou de eventualidade do cadro de persoal.

Intervén o reitor que polos motivos que explicaron os intervinentes, non hai acordo total. Explica que no acordo que a CRUE acadara co ministerio e que xa estaba avanzado co Ministerio de Facenda, se incluíu ao PAS na mesma consideración do PDI, polo que resultou sorprendente que a redacción final se limitara ao PDI. Confía en que cando se aproben os orzamentos se inclúa ese acordo, como se fixo co PDI, xa que abriría moitas mais posibilidades. Por elo, pódese empezar unha negociación con esa expectativa.

Reitera Carlos Mollinedo que a discrepancia está na oferta de prazas promoción interna, non na oferta pública. As 6 prazas son as que marca a lei, e niso están de acordo.

Luis Pérez comenta que nas propostas da Xunta de persoal e dos Comités de Pontevedra e da Xerencia Ourense pode haber coincidencia en prazas, pero ás veces as diferenzas son máis de filosofía e xeito de implementalo. Pregunta se pódese entender que no caso de aprobarse os orzamentos do estado recollería esa modificación na mesma liña que o PDI? Xa que na inclusión da modificación que afecta ao PDI foi unha emenda no Senado, coa presión de CRUE.

Responde o reitor, que neste caso xa faláron con CRUE antes, polo que pero isto sa se negociara co PDI o ano anterior, polo que confía que se introduza a modificación.

Reitera Luis Pérez que iso é un elemento clave , xa que as discrepancias que se poden ter entre as partes, quedarían superadas. Confía en que sexa así, xa que estaríamos nun escenario propio da UVigo.

O reitor afirma que se continuará traballando dende a Crue para que se garanta ese criterio equitativo e Luis Pérez agradece esta postura, xa que os reitores o son de toda a comunidade.

Procédese á votación da proposta (**Anexo IV**) que queda aprobada por 26 votos a favor, 6 abstencións (dúas nominais de Carlos Mollinedo e Luis Pérez) e ningún voto en contra.

#### **7. Aprobación, se procede, da proposta de alleamento de ben inmovible de carácter patrimonial da Universidade de Vigo.**

Cede o reitor a palabra o vicerreitor de Economía e Planificación.

Lembra o vicerreitor que no 2014 finalizamos os trámites legais de aceptación da herdanza de dona M<sup>a</sup> Alicia Crespi González na que, entre outros bens, correspondeulle á Universidade de Vigo un piso vivenda na rúa General Perón de Madrid. Unha vez que o mercado inmobiliario parece que se está recuperando, parece que o momento oportuno para iniciar o proceso de alleamento para poder realizar unha poxa pública. Na documentación hai unha taxación inicial dunha inmobiliaria, conservadora, polo que consideramos que ese debería ser o obxectivo de prezo mínimo a conseguir. E esa é a proposta que se presenta diante do Consello de Goberno.

Non hai intervencións. Apróbbase por asentimento.

#### **8. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por Fernando Pérez Fontán, Francisco Javier Fraile Peláez e José Luis Rodríguez Rodríguez contra o procedemento de asignación de docencia de grao aprobado no Consello de Departamento do 14 de xullo de 2017.**

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, que explica que foron invitados a participar tanto os recorrentes, aos que se lles solicitou que indicaron un representante, que non responderon á

invitación. Tamén foi invitada a Dir<sup>a</sup>. do Dpto. de Teoría do Sinal e Comunicaci3ns, In3s Garc3a-Tu3n3n Blanca, que si confirmou a s3a presenza e que participa nesta sesi3n con voz e sen voto.

Indica que compete ao CG resolver o recurso dealzada presentado con rexistro de entrada de 8 de agosto de 2017, polos profesores Fernando P3rez Font3n, Francisco Font3n, Francisco Javier Fraile Pel3ez e Jos3 Luis Rodr3guez Rodr3guez en contra do acordo do Consello de Departamento de Teor3a do Sinal e Comunicaci3ns da Universidade de Vigo de 14 de xullo de 2017 no que se aprobou o procedemento de asignaci3n da docencia encargada ao departamento, por 18 votos a favor, 2 abstenci3ns e 1 voto en contra nominal do profesor Fernando P3rez Font3n.

Antes de facer un resumo dos antecedentes a secretaria xeral fai unha chamada de atenci3n polo ton pouco respectuoso con que se realizan algunhas apreciaci3ns no texto do recurso referidas ao director e directora do departamento nos diferentes per3odos e contra dalg3ns servizos, como o de Asesor3a Xur3dica. Prega a secretaria que se mante3a sempre o respecto 3s persoas implicadas, a3nda que se defendan puntos de vista diferentes mesmo con paix3n.

Lembra a secretaria xeral que este recurso pon de manifesto novamente as diferenzas existentes no seo do departamento entre os distintos profesores, en relaci3n cos criterios de asignaci3n da docencia e aprobaci3n do POD. Discrepancia que levara a D. Jos3 3scar Rubi3nos L3pez e outros profesores a recorrer en alzada o 25/04/2014 o procedemento de elaboraci3n do POD do Dpto. de Teor3a do Sinal e Comunicaci3ns do curso 14/15. No CG de 26 de novembro de 2014, foi tratado dito recurso tom3ndose por asentimento o acordo de estimar parcialmente o recurso, e a retrotraer o procedemento ao d3a 27 de marzo de 2014, data na que se acordaron os criterios de elaboraci3n do POD por parte do Departamento, dit3ndose a Resoluci3n reitoral executiva de dito acordo o 4 de decembro de 2014.

No curso 2015/16, Fernando P3rez Font3n, Jos3 3scar Rubi3nos L3pez e outros profesores presentaron o 11 maio 2015 recurso de alzada en contra do acordo do consello de Depto de 10 de abril que aprobou o procedemento de elaboraci3n do POD e contra a proposta de POD 2015/2016. Este recurso foi desestimado polo CG de 29 de outubro de 2015, dit3ndose a correspondente resoluci3n reitoral de 6 de novembro. Estes profesores presentaron recurso contencioso-administrativo 527/2015 contra a resoluci3n reitoral anterior. O 20 de setembro de 2016 o xulgado n3 1 ditou a Sentenza 283 desestimando o recurso presentado.

Diante desta sentenza, contin3a a secretaria xeral, presentaron recurso de apelaci3n 451/2016 ante o TSXG, que dita sentenza o 26 de maio de 2017, revogando a sentenza anterior e estimando parcialmente o recurso de apelaci3n. A secretaria xeral da lectura a un par3grafo concreto de dita sentenza:

*“La estimaci3n parcial del recurso viene dada porque si bien ha de estimarse la pretensi3n de que se anule la aprobaci3n de la propuesta de POD 2015/16 en cuanto al acuerdo relativo a los criterios de asignaci3n de docencia aprobado en el CD del 13 marzo de 2015 y modificado posteriormente en el punto 1 de las consideraciones generales el 10 de abril de 2015, al conculcar lo dispuesto en el art3culo 19 de RRI, sin embargo ha de rechazarse tanto el la pretensi3n encaminada a que se condene a la administraci3n demandanda a que elabore un nuevo POD con indicaciones de que hayan de regir en los sucesivos cursos acad3micos (pretensi3n que se contiene en el apartado 23 del suplico de la dem3s) como la pretensi3n indemnizadora ejercitada en el apartado 33, pues ....”*

Prosegue a xecretaria xeral resumindo o informe de Asesoría Xurídica, destacando os aspectos fundamentais dalgunhas das sentenzas que dito informe transcribe.

Primeiro.-O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na sentenza de 25 de maio de 2017 pronunciose respecto ao procedemento de aprobación do Plan de Ordenación Docente do Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacións e a proposta do POD 2015/16. A secretaria da lectura textual a parte de dita sentenza: “(...) *que al pertenecer a un Departamento monoárea, donde las asignaturas o materias que se imparten son homogéneas, la especialidad docente para impartirlas se predica por igual de todo el profesado perteneciente a él, lo cual impide que la especialización docente como tal pueda servir de criterio de asignación de docencia.*

*Esta equiparación hace inoperativo en este caso lo dispuesto en el artículo 95.2 de la Ley 6/2013, de 13 de junio, del Sistema universitario de Galicia, que sí lo será en aquellos como el contemplado en la sentencia de 21 de enero de 2015, en los que el Departamento está integrado por varias áreas de conocimiento, y por tanto en la elección de materias debe respetarse el área de cada profesor, de suerte que en la elección de la docencia sobre una materia determinada los docentes propios de un área deben tener preferencia para elegir sobre los de las áreas afines, aunque estos tengan mayor jerarquía y antigüedad, (...)*

Esta equiparación entre especialidade e área de coñecemento, continúa a secretaria xeral, recóllese tamén no procedemento de asignación de docencia aprobado polo Consello de Departamento de Teoría do Sinal e Comunicación o 14 de xullo de 2017.

Ao non estar os criterios de asignación docente recollidos na normativa xeral hai que acudir aos pronunciamentos establecidos na xurisprudencia. Neste sentido, o informe de Asesoría Xurídica reproduce a Sentenza 477/2013 de 23 de decembro do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León, que á súa vez recolle diversas sentenzas entre elas do Tribunal Supremo. Ao longo desta extensa sentenza, deixa claro que os criterios de categoría, xerarquía e antigüidade son expresión de mérito e capacidade, que deben ser tidos en conta polo Consello de departamento á hora de asignar as materias, pero non constitúen un criterio absoluto e excluín-te. Os define como un criterio de solución de conflitos na asignación das cargas docentes entre profesores de distintas categorías e antigüidades, pero sempre que sexa compatible co resto de criterios obxectivos que deben ser tomados en consideración polo Consello de Departamento, que é autónomo na súa decisión.

Dá lectura textual a un parágrafo de dita sentenza “*no se pueden establecer parámetros absolutos, sino que han de ser parámetros que lo que tiendan es a lograr el objetivo principal de la Universidad que es la mejor formación posible de sus alumnos, lo que determinara que se elija para impartir cada asignatura al mejor, y que pueda impartirla en las mejores condiciones para una formación eficiente, y precisamente junto a criterios como categoría, jerarquía, antigüedad se deben incluir otros como equidad, formación de equipos docentes eficientes, la minimización del número de profesores por materia y grupo etc.*

*En definitiva el criterio de la categoría y jerarquía ha de ser uno más a ponderar en la medida en que pueda servir al fin de la institución universitaria. El que pueda suponer una presunción de idoneidad que exija de la Universidad o los Departamentos justificar y aportar los motivos y razones que puedan destruir esa presunción de idoneidad, pero no puede ser criterio preferente y excluyente en la medida en que no sirva para cumplir con el objetivo que se le ha encomendado”.*

Segundo.- O procedemento de asignación da docencia acordado polo Consello de Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacións o 14 de xuño de 2017 consta de 5 etapas. No punto 7 das consideracións xerais recóllese o seguinte:

*“Método de selección: se realizará por rondas de forma automática, para lo cual al inicio de cada ronda todos los profesores enviarán a la Dirección del DTSC una lista priorizada de alternativas de docencia. Cada alternativa será a lo sumo de 56h”.*

E despois de aclarar aspectos da priorización, establece que

*“En cada ronda, se asignará docencia por lista ordenada del profesorado por categoría y antigüedad dentro de la categoría. Non obstante, en caso de conflicto en alguna/s asignatura/s se decidirá en dichas asignaturas atendiendo a lo establecido en el punto 2.”*

A secretaria xeral resume o punto 2 do procedemento, que sinala que, en caso de conflito na selección de docencia, os profesores ordenaranse en función da puntuación que obteñan ao aplicar un baremo que prima a estabilidade do profesorado nas materias que imparte. O terceiro dos puntos contemplados, é o relativo á categoría. Tamén se indica que *“En caso de empate, prevalece el criterio de categoría y antigüedad dentro de la categoría”.*

En relación a este apartado, o informe de AX destaca dous aspectos:

- Por unha banda, o procedemento de asignación de docencia acordado polo Departamento de Teoría do Sinal non xustifica a razón pola que as rondas limitan a priorización de 56 horas.
- E por outra, no relativo ao procedemento de resolución de conflitos, transcribe o ditado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na súa Sentenza de 24 de maio de 2017 establece:

*“El término "en último instancia" del artículo 19 del Reglamento de Réimen interno no significa, como defienden los apelantes, que "en todo caso" deba acudirse a los criterios de jerarquía y antigüedad a la hora de asignar y repartir la docencia, pues ello eliminaría la posibilidad de reparto con arreglo a otros criterios que puedan ser el fruto de la voluntad común de los integrantes del Departamento.*

*Pero sí significa que en caso de conflicto "en última instancia" ha de otorgarse preferencia a la categoría y a la antigüedad. Esta preferencia se ha vulnerado en el supuesto litigioso desde el momento en que el procedimiento de asignación de asignación de docencia aprobado por el Consello, en los casos de conflicto, prevé la aplicación de un baremo antes de acudir a los criterios de categoría y antigüedad; baremo que valora otros parámetros (impartición de la asignatura en el curso anterior, experiencia y categoría). Y sólo en el "caso de empate" de varios profesores que obtengan la misma puntuación en la ordenación final de la suma de las tres puntuaciones, se aplica el criterio de categoría y antigüedad dentro de la categoría.*

A secretaria xeral explica que, aínda que na actualidade non está vixente o referido art.19 do Regulamento de Réxime Interno, a Asesoría Xurídica entende que, de acordo coa xurisprudencia antes citada, os criterios de categoría e antigüidade son elementos a tomar en consideración, especialmente en caso de conflito.

Polo antedito, a Asesoría Xurídica no seu informe considera que procede estimar parcialmente o recurso, e retrotraer o procedemento ao día 14 de xullo de 2017, data na que se acordou o procedemento de asignación de docencia, para que o Consello de Departamento de Teoría do

Sinal e Comunicacóns acorde os criterios de asignación de docencia de forma motivada. E esta é a proposta que se presenta ao Consello de Goberno para a súa consideración.

O reitor cede a palabra á directora do departamento quen agradece á invitación, e lamenta non ter recibido a documentación relativa a este punto, aínda que puideron consultala grazas a outros membros do Consello de Goberno. Solicita que a intervención a realice Carmen García Mateo, que era a directora do departamento nesa data. A secretaria xeral explica que se invita a un representante de cada unha das partes, non necesariamente ao director ou directora do departamento, polo que considera axeitado que sexa a profesora García Mateo quen participe e o reitor lle cede a palabra.

A profesora García Mateo agradece a exposición realizada xa que se trata dun proceso que se prolonga no tempo. Considera que queda clara a falta de vontade de chegar a un acordo por parte dos demandantes y desexa facer unha puntualización que reflicte o sentir da meirande parte dos membros do Consello de Departamento de Teoría do Sinal e Comunicacóns: o procedemento de asignación de docencia de grao aprobado o 14 de xullo de 2017 non difire no fundamental co procedemento de 13/3/2015 e modificado, no seu punto 1 no consello de departamento de 10/04/2015, modificación que se realizou a resultados do primeiro informe da asesoría xurídica, á que pediron tutela ao longo deste proceso, sen que fora necesario facer ningunha outra modificación, explica a profesora. E engade que no informe posterior, de 21/04/2015, non se di nada acerca da necesidade de xustificar as roldas de 56 hora ou a xustificación de baremos e criterios empregados, como a postergación do criterios de categoría e antigüidade á fase de empate, como se cita no informe actual e que, subliña, chega case dous anos e medio despois.

Continúa a profesora García Mateo indicando que acatarán a acordo que tome o Consello de Goberno, pero manifesta a desazón que lles causa este informe, tendo en conta a cronoloxía dos feitos. E insiste en que, se no seu momento, cando se solicitou axuda á Asesoría Xurídica esta fora tan detallada como o é agora, non se estaría nesta situación. Expresa que este proceder desmoraliza aos membros do consello de departamento, xa que no seu momento se considerou que o procedemento é consonte á lexislación, e por outra se recomenda retrotraer o procedemento. Piden axuda ao equipo reitoral para redactar a xustificación, para evitar que este tema volva ao Consello de Goberno.

E finaliza subliñando que os profesores reclamantes non recorreron o POD de 2017/2018, que foi elaborado co procedemento de 2015, senón que recorren a modificación parcial que fixeron dos criterios.

Responde a secretaria xeral que o informe de Asesoría xurídica se remite a una sentenza que é moi recente, do 25 de maio de 2017, polo que estas matizacións non podían ser incluídas nun informe anterior. Por outra banda, subliña, non se trata dunha xurisprudencia apuntada para apoiar o criterio dos letrados, senón que se trata dunha sentenza ditada en contra da universidade e en relación con esta mesma controversia, polo que o servizo de asesoría o acata e traslada a o seu informe.

Engade que lamenta o malestar do departamento, e comprende que o problema está causado por un grupo cada vez máis reducido de profesores, pero que cando recorren aos tribunais, estes lles estiman parcialmente os recursos. Polo que hai que actuar segundo esas sentenzas.

Intervén a continuación o profesor Bienvenido Díez. Expón que nos procedementos de asignación de docencia para a realización dos POD, a pouca definición de xerarquización e de especialización é un problema latente e recorrente. Como xa ten exposto a vicerreitora de

Organización académica e profesorado compete a súa definición ao departamento que, ademais de realizar o reparto de docencia, debería emitir un informe xustificando os criterios empregados, de xeito que se puideran evitar estes problemas.

Apróbase por asentimento.

**9. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por Miguel Cuevas Alonso sobre o acordo da Xunta de Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte do 05/07/17, no que se aproban as actas das xuntanzas anteriores.**

O reitor cede novamente a palabra á secretaria xeral para a presentación deste punto, que comeza explicando en que consiste a documentación achegada coa convocatoria e indica que para participar neste punto foi invitado, con voz pero sen voto o profesor Miguel Cuevas, como recorrente, pero que non puido asistir e o decano da facultade está presente na súa calidade de membro de Consello.

No seu recurso o profesor Cuevas solicita a revogación do acordo tomado pola Xunta de Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de 5 de Xullo, de aprobación das actas de sesións anteriores. Argumenta que non se consideraron as alegacións presentadas por el en tempo e forma, e non se fixeron constar na acta nin nos ficheiros de documentación enviados aos membros da Xunta de Facultade as palabras literais que solicitou que constaran na acta e que xustificaban o seu voto contrario/abstención.

En relación a este recurso, o Decano da Facultade de Ciencias da Educación e Deporte informou de que o 30 de xuño de 2017 convocouse a Xunta de Facultade para o día 05 de xullo. Con posterioridade a dita convocatoria, o día 3 de xullo, o profesor Miguel Cuevas enviou un correo electrónico no que solicitaba a modificación da redacción dunha serie de puntos. En concreto, solicitaba que nun deles constasen na acta, da Xunta do día 3 de abril de 2017, as palabras exactas que pronunciou a profesora Antonia Blanco Pesqueira no punto da orde do día de suxestión e preguntas. A tal fin, o profesor Miguel Cuevas propuxo a seguinte redacción: <A profesora Antonia Blanco Pesqueira intervén para pregar ao profesor Miguel Cuevas Alonso que revise os seus escritos nos que se lles “falta” a moitos compañeiros e que sexa prudente no uso da palabra xa que o deixa por escrito e o que di é un delito e alguén podería de denunciado>.

En relación con este punto, o informe da Asesoría xurídica destaca un texto do informe emitido polo decano da facultade con data de 27 de outubro de 2017o que refire que as palabras pronunciadas pola profesora Blanco Pesqueira non constan en ningunha acta xa que ela nunca solicitou que constasen.

Na xunta de Facultade celebrada o día 5 de xullo de 2017, no punto “Aprobación, se procede das actas anteriores”, o decano informou do correo do profesor Miguel Cuevas Alonso. Non se produciu deliberación e a Xunta de Facultade aprobou a devandita acta por asentimento”, sen incluír as alegacións do profesor.

En relación a este pedimento de que se faga constar na acta determinadas palabras que, segundo criterio do solicitante, pronunciou a profesora Blanco Pesqueira, o informe de AX indica que o artigo 21.3 do Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias de Educación e do Deporte establece o seguinte respecto das actas:

3.- Na acta téñense que incluír os textos literais dos acordos, así como calquera mención que os membros da Xunta, individual ou colectivamente, desexen que figure expresamente.

O caso que se presenta non se inclúe neste suposto, xa que se solicita que se faga constar o que dixo textualmente, na súa opinión, outra persoa nunha determinada sesión.

Ao respecto da plasmación textual das intervencións, a secretaria xeral indica que as actas ten como finalidade reflectir fielmente os acordos tomados e o termos relevantes do debate, deberán polo que deben constar os puntos principais da deliberación é dicir, aqueles que teñen importancia en relación cos acordos a adoptar, e que poden axudar a comprender acordos non claros. E da lectura á sentenza Sentenza do Tribunal Administrativo de Navarra, Sección 23, Resolución de 9 Nov.201 1, rec. 11-03188/2011, N° de Resolución: 1OI79/2011 que recolle o informe de asesoría.

En consecuencia, di a secretaria xeral, excede do cometido do Secretario ou Secretaria que a acta transcriba de forma literal cada unha das intervencións.

En canto á solicitude de que se faga constar a intervención literal do solicitante, mediante a entrega dun texto que, segundo indica, contén o seu contido íntegro, a secretaria xeral explica que o Regulamento de réxime interno da Xunta de Facultade non prevé nada ao respecto. E o informe de AX indica que os artigos básicos sobre a materia da Lei 40/2015 (de aplicación supletoria) non recollen tampouco a previsión sobre este punto, que si estaba contida na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Polo tanto, en caso de consideralo oportuno, debería tomarse acordo previo pola propia Xunta de facultade respecto de como proceder.

En base ao exposto, a Asesoría Xurídica entende que debería desestimarse o recurso presentado por D. Miguel Cuevas Alonso sobre o acordo da Xunta de Facultade de Ciencias de Educación e do Deporte do 5 de xullo de 2017 no que se aproban as actas das reunións anteriores.

Finalizada a exposición, o reitor cede a palabra ao decano da Facultade, que declina o ofrecemento. E non habendo máis intervencións, aprobase por asentimento.

## **10. Presentación do informe do Comisionado do Campus do Mar sobre a Memoria do ano 2016-17.**

Para a presentación deste punto foi invitado a esta sesión do Consello de Goberno o Comisionado do Campus do Mar, e o reitor cédelle a palabra.

O Comisionado comeza subliñando que, tras 6 anos de traballo, o proxecto de especialización “Campus do Mar”, iniciado en 2010, mereceu a cualificación definitiva como Campus de Excelencia Internacional no contexto europeo en decembro de 2015.

Ao longo desde período, acadáronse os obxectivos estratéxicos definidos inicialmente para este Campus de Especialización. Por una banda, creouse e consolidouse a imaxe de marca Campus do Mar. Esta imaxe de marca, ten facilitado a creación dun valioso capital relacional no ámbito mais próximo, a través de alianzas estratéxicas co Consorcio da Zona Franca, o Porto de Vigo, O Concello de Vigo, A Xunta de Galicia ou con diferentes sectores empresariais. Permitiu, asemade, o reforzo dos vínculos internacionais, particularmente cos socios de Portugal mais tamén alén da Península Ibérica, nomeadamente no ámbito europeo, na China e con países en vías de desenvolvemento, a través da execución de proxectos de cooperación.

A posta en marcha do maior programa de doutoramento internacional do Estado no ámbito mariño DOMAR con 240 alumnos e a participación de 15 países, o desenvolvemento de exitosos programas formativos de fomento do emprendedurismo, como o Programa EMPRENDEMAR



con máis de 200 alumnos da Escola de Emprendedores e obradoiros de emprendemento, ou o Programa EMPREAMAR, a través de 15 ideas de negocio, ou a atracción de talento a través de competitivas convocatorias internacionais e a realización de 17 foros sectoriais, son mostras da actividade levada a cabo polo Campus de Excelencia.

Neste ano, continúa o Comisionado, a Universidade de Vigo da un paso mais na súa estratexia de especialización no medio mariño co desenvolvemento do Campus de Especialización Mariña da Universidade de “Campus do Mar - UVigo” que potencia, reorganiza e estrutura todas as capacidades e medios da nosa institución no ámbito mariño. Presenta brevemente a súa estrutura e explica que a misión principal deste Campus é o de reforzar aínda mais a conversión da Universidade de Vigo nun polo interdisciplinar de referencia a nivel local, rexional, eurorrexional, autonómico, estatal e internacional no ámbito da xeración e transferencia do coñecemento no eido mariño e marítimo e ten como elementos nucleares, o novo Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo (CIM-UVIGO), enriquecido coas liñas de investigación dos restantes centros, agrupacións estratéxicas, grupos de investigación e investigadores que están directa ou indirectamente relacionados co coñecemento do mar e as actividades marítimas.

De cara ao futuro inmediato, a aposta estratéxica da Universidade neste eido céntrase no Polo de Innovación Mariña da ETEA que aspira a se converter nun elemento dinamizador da innovación de ámbito mariño e marítimo, que contribúa ao crecemento económico sustentable da Eurorrexión.

A continuación realiza un breve resumo da estratexia a seguir, definindo os obxectivos para o Campus Mar Galicia no ano 2018 (co fortalecemento das liñas de investigación de referencia e o reforzamento e internacionalización do programa de doutoramento DOMAR, así como utilizar o Polo de innovación da ETEA como programa conxunto de transferencia de todo o sector, liderado pola UVigo, pero dando cabida a o resto dos parceiros e un fomento da cooperación transfronteiriza, acudindo a proxectos de gran envergadura). E, para finalizar, define tamén as liñas fundamentais de desenvolvemento para o 2018 do Campus Mar Internacional, con entre outras accións o Desenvolvemento do Convenio marco de colaboración Campus Mar Galicia-Portugal (a través de financiamento fondos de cooperación transfronteiriza) o reforzamento da Internacionalización con países europeos (detalla a colaboración coas entidades agregadoras europeas (MASTS, LabexMer...) e outros, fundamentalmente, China, co que se está intensificando a relación. En relación coa liña de internacionalización do programa DOMAR, solicitarase un Joint Doctorate-ITN e intensificarase os programas de cooperación e dobres doutoramentos con América latina. Finalmente, menciona o impulso á cooperación ao desenvolvemento.

Remata dicindo que a finais deste ano ou a principios do seguinte estará definido o plano estratéxico, e nesta situación de cambio de equipo de goberno, o obxectivo final e deixar encarreirado o Campus Mar-Vigo, e o Campus Mar Galicia e a partir de aí habería que tomar decisión máis arriscadas para lograr transformalo no Silicon Valley do Mar.

Intervén o profesor Reigosa Roger para realizar unha reflexión. Agradece as presentacións que ao longo destes anos realizou o comisionado do Campus Mar, pero expresa a súa vontade de ser moi crítico. Considera que este proxecto xurdiu ben, coas liñas xerais marcadas polo ministerio, que a Universidade de Vigo recolleu o reto e realizou un excelente traballo avalado polos resultados. Pero diante do abandono do ministerio, debería reclamarse o mantemento dos

Campus de Excelencia Internacional, e esixir unha continuidade sobre todo despois do esforzo tan grande realizado. E non só esixir o financiamento, senón tamén o recoñecemento: non pode deixarse caer unha que unha liña de investigación tan potente. Expresa o agradecemento a todas as persoas que traballan no Campus Mar, polo seu esforzo e anima a seguir nesa liña, aínda que sexa sen axuda. Pero critica a situación que se vive a nivel galego e estatal, de deixadez para todo que ten que ver coa investigación de alto nivel. Tal vez se agardaba maior éxito en convocatorias europeas, pero insiste en que hai que continuar presionando ao ministerio porque este xermolo dun campus internacional está a dar resultados dende o principio e agora que está a piques de ter a súa sede, non se pode abandonar. Aínda que comprende que a investigación á algo secundario para o goberno reitera que debemos ser nós os que traslademos que na UVigo temos a capacidade e que se obteñen resultados.

Pregunta o profesor Reigosa, como está a relación co CSIC e o Instituto Español de Oceanografía? Considera que deberían ser os nosos aliados. En relación ás actividades transfronteirizas e a colaboración con Portugal, pregunta se a cooperación vaise limitar ao programa de doutoramento. E pregunta tamén se vai haber máis actividades na área académica. Manifesta que os MOOC lle parecen unha boa opción, pero poderían atraer máis estudantes de sudamérica si se establecera como máster. Finalmente cuestiona acerca do éxito na convocatoria Horizonte 2020, se hai algunha idea de fortalecer a participación nesta e en sucesivas.

Responde inicialmente o reitor, indicando que el non ten capacidade para cambiar o parecer do goberno de Madrid, pero que se teñen conseguido varias cousas importantes fronte a este goberno estatal que estaba frontalmente en contra da idea dos Campus de Excelencia Internacional do goberno anterior, xa que o actual estaba en contra do anterior. A nivel xeral, explica que foi precisamente o exemplo do campus Mar o que permitiu que na fase máis fonda da crise que se mantivera, na época do ministro Wert, en lugar de eliminarse por completo, permitiuse que se mantiveran os 30 Campus aprobados ata avaliar cales dos consolidaban o selo de excelencia. Esta negociación levouse a cabo dende a Crue, pero tamén a nivel persoal en entrevista mantida coa ministra Garmendia. A nosa experiencia serviu para isto, para que se deixaran de manipular a información na prensa cos exemplos dos campus que non funcionaban e visibilizar os 12 que funcionan e que non foran eliminados dende o principio. Con novo ministro, xa se fixo algúns guiños de apoio, como a convocatoria de algunha axuda para os que tiñan acreditación.

A nivel concreto do campus do Mar, subliña o éxito que supón a cualificación definitiva como Campus de Excelencia Internacional e a consolidación da imaxe de marca. Sabemos que temos que traballar para que os políticos aposten de xeito decidido por esta iniciativa, como pola investigación en xeral. E lembra que nos seus discursos expresa sempre unha postura moi crítica con esta posición política fronte a investigación, en especial no último da apertura do curso no sistema universitario galego.

Destaca a continuación na Senda Ibérica de Coñecemento se inclúe nominalmente como un dos elementos elixibles para toda a financiación transfronteiriza o ámbito mariño ligado ao Campus do Mar interrexional. Incide en que se poderán desenvolver proxectos non só académicos, senón de investigación terán unha clara preferencia. Destaca a axuda prestada a Portugal na constitución do seu consorcio. Os ministros portugueses están máis decididos a impulsalo, dentro das limitacións existentes.

Declárase optimista polo camiño seguido e subliña que pelexamos polo de desenvolvemento na ETEA e se logrou, e estamos a pelexar por un maior apoio e compromiso do goberno galego e se está a conseguir. E explica que se quere deixar debuxada a estrutura, para estar listos para a produción de proxectos, polo que se definiu a estrutura executiva do Campus mar.

Estando analizando as posibilidades de colaborar con outros organismos, que están comprometidos, así como os investigadores das outras universidades, do CSIC e do IEO, o seu apoio é total. Pero sinala que a política estatal de investigación debilita a estrutura destes centros, limitando a súa capacidade de decisión. Engade que cando poidamos convencer aos políticos da importancia da investigación poderá iniciarse este proceso, xa está na axenda. Reitera que seguirase loitando ata o último día, e coa presentación do primeiro plano estratéxico, este executivo quede deixar todo encarrelado, pero será precisa contar coa enerxía do novo equipo. Manifesta o reitor que, na súa opinión, a evolución vai ser máis intensa do que foi ata agora, con maior fortaleza e estabilidade, grazas a estrutura que se ten definido. E o mesmo se está facendo co Vigo tecnolóxico, que está a desenvolver o seu plano estratéxico para o lanzamento, de xeito que as liñas básicas da estrutura estean ben definidas para desenvolver no futuro.

A continuación cede a palabra ao Comisionado do Campus do Mar. Antes de entrar nas cuestións específicas, lembra que os campus de excelencia internacional mantiveron unha xuntanza en Madrid o Secretario de estado, que marchou xusto ao inicio. Di que nesa reunión, moitos pedían financiamento, pero lembra que el pediu cariño, porque cando se desligou o goberno, os campus de excelencia quedaron en situación de semi-clandestinidade. De cara ao futuro, considera que é precisa unha axuda adicional da Xunta de Galicia, porque a política de centros de investigación é individual, por universidade, e está illada das OPIS, polo que non se pode articular o traballo conxunto, son precisos instrumentos que o faciliten.

En canto á pregunta acerca da colaboración co CSIC e IEO, responde que son socios principais, fundamentalmente pola súa fortaleza en investigación mariña e pola proximidade. Están a traballar conxuntamente o director do Instituto de Investigacións Mariñas e a directora do Instituto Español de Oceanografía na elaboración dun documento cuxos puntos principais se expuxeron na presentación anterior que en breve pasarán ao Consello reitor en breve, para que vexan se a colaboración é posible.

En relación á política transfronteiriza. A intención é implicar ás universidades portuguesas no polo de investigación da ETEA. Xa se solicitou un POCTEP denominado “Sherpa do mar” para crear unha unidade conxunta transfronteiriza para levar aos estudantes dende a aula cara a empresa. De resultar financiado, poderase desenvolver un traballo de tres anos nese ámbito. Tamén se están preparando outros POCTEP transfronteirizo no ámbito TIC-mar e outro centrado na introdución da nanotecnoloxía e biotecnoloxía na alta cociña. A idea é intentar aproveitar todas as posibilidades.

O comisionado responde a cuestión relativa á convocatoria H2020. Explica que na convocatoria de grandes proxectos temos dificultades extraordinarias, xa que é tremendamente lesiva con universidades do noso tamaño que non teñen grupos de primeirísima fila en Europa. Pero, engade, estamos a aproveitar outras convocatorias e programas, que están no paraugas 2020, con bastante éxito: como a participación na rede infraestruturas mariñas-europeas, proxectos de mobilidade, rede europea de bio-bancos. Son liñas complementarias pero menos competitivas, pero nos están dando resultados. E a terceira liña é a transferencia, isto é a utilización de recursos de programas conxunto coas empresas. Esta é na que debemos centrarnos o próximo ano.

Engade o reitor que é preciso ter en conta que mesmo no H2020 a UVigo quedou de 2º ou 3º, en convocatorias que gañaron Inglaterra e Alemaña, o que é unha posición excelente, especialmente nun programa que favorece moito o tamaño.

**11. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de cooperación académica entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do Máster universitario en Xenómica e Xenética – Convenio de cooperación académica entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do Máster universitario en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos Non Tripulados – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña para a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do título de Máster Universitario en Ciberseguridade – Convenio de cooperación académica entre a Universidade da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do Máster en Investigación e Innovación en Didácticas Específicas para Educación Infantil e Primaria – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do título de Máster Universitario en Economía – Convenio de cooperación académica entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do Máster Universitario en Acuicultura – Convenio de cooperación académica entre a universidade de Santiago de Compostela a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre e Xestión do Medio Natural – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad La Salle Noroeste – Convenio marco de cooperación entre a Universidade de Vigo e o Instituto Departamental de Bellas Artes – Convenio de colaboración entre a Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para proporcionar aos investigadores do SUG acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación – Convenio.marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Autónoma Latinoamericana – UNAULA-(Colombia).**

Apróbanse por asentimento.

## **12. Rogos e preguntas.**

En primeiro lugar intervén o profesor Pérez Cota que comeza agradecendo as palabras de benvida que o reitor lle dedicou no Consello de Goberno anterior, e a continuación formula unha serie de preguntas e rogos sobre temas que preocupan na escola de Enxeñaría Industrial, pero posiblemente tamén noutros centros. O escrito con ditas cuestións, achégase como anexo a esta acta (**Anexo V**).

- Solicita que se simplifiquen os formularios de dietas, que cada vez son cada vez máis complexos.
- Pregunta se está prevista algunha axuda para o profesorado e PAS que teñen que desprazarse a cotío entre as dúas sedes da EEI (Campus e sede Cidade) xa que os desprazamentos orixinan custos e riscos.

- En relación co servizo de rexistro de Torrecedeira, traslada as inquiredanzas que están a xurdir tras a súa desaparición e pregunta cando se vai recuperar, xa que é necesario non só para as escolas de EU de Estudos Empresariais e EEI, senón para toda a universidade
- Para finalizar, pregunta cando se vai tratar a cuestión da creación da sección departamental do Departamento de Informática, que fora retirada da orde do día do Consello de Goberno de marzo.

O reitor solicita ao profesor Pérez Cota que traslade as súas preguntas e contestarase por escrito.

A continuación intervén o profesor Bienvenido Diez para solicitar que non coincidan todas as comisións delegadas de Consello de Goberno, reconece que non é un feito habitual, e que tal vez foi debido a circunstancias especiais, pero debe evitarse para permitir a asistencia dos membros.

Toma a palabra o profesor Reigosa Roger para destacar a importancia do convenio para o financiamento para enxeñaría aeroespacial, xa que é importante que se dote ao Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo. Pide que, aproveitando as normas actuais, se realice algunha fichaxe de alguén de bo nivel para potenciar o centro. Do mesmo xeito, salienta a relevancia do financiamento para o MTI e de, xeito especial, agradece as xestións realizadas co rescate do CIA, que é unha agrupación estratéxica ben posicionada no ranking de Shangai e que por diferentes cuestións que quedou fóra, pero reconece o esforzo realizado.

A continuación participa Óscar Moldes, quen pregunta acerca de que se considera unha causa xustificada para a repetición do exame. Di que a normativa actual ten certas carencias, e mesmo o tribunal de garantías comunicoulle que enviaría algunha recomendación ao respecto. Pregunta se foron recibidas e que se vai tomar algunha medida ao respecto.

A secretaria xeral pon en antecedentes aos membros do Consello de Goberno en relación con esta cuestión e explica que o problema orixinou cando un dos representantes no Consello de Goberno do estudantado solicitou a modificación na data dun exame pola participación nunha xuntanza da CREUP. Ao non serlle concedido, presentou unha reclamación ante o Tribunal de Garantías e a Secretaría Xeral. A secretaria explica que a resposta foi que aqueles órganos de representatividade estudantil que teñen asignado un representante oficial do estudantado da universidade si que están incluídos no criterio de “representatividade” que permite que se solicite a modificación de datas de exame. Pero este non é o caso da CREUP, continúa. Para a participación neste organismo, o estudantado pode designar a outro representante, que non estea nesa situación, para que acuda ás xuntanzas.

A vicerreitora de Estudantes detalla que a CREUP non está recollida no Estatuto do Estudante nacional como organismo de representación oficial e, por outra parte, había dous representantes designados para participar na CREUP polo que, de non acudir un deles, a Universidade de Vigo non quedaría sen representación. É certo que xa estaba todo preparado, que mesmo se compraran os billetes, pero na opinión da Vicerreitoría e da Secretaría Xeral non se daban as circunstancias para, en aplicación da normativa, obrigar ao departamento a cambiar a data de exame.

En todo caso, engade o reitor contactouse co departamento para tentar a modificación voluntaria da data de exame, pero non se conseguiu. No desenvolvemento do futuro regulamento de estudantes poderá tratarse de precisar as regras de xogo o mellor posible.

Intervén Paula Rivera e, en primeiro lugar, expresa a súa felicitación ao comisionado polo desenvolvemento realizado no campus do Mar. E, en segundo lugar, pregunta polo edificio da

Universidade no Berbés que se estimaba que estaría para o 2018, e no entanto, parece parado. Pregunta pola situación deste edificio e cal vai ser a súa utilización.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación. Explica que vai ser unha sede institucional para desenvolver distintas actividades, salas de coworking, aulas do Centro de Linguas, actos de representación, tenda de produtos da universidade, etc. En efecto, as previsións eran que comezara a funcionar no 2018, pero non vai ser posible pola cantidade de atrancos administrativos para conseguir as autorizacións de patrimonio. Continúa o vicerreitor informando de que hai pouco menos dun mes xa se conseguiu, e tamén a licencia municipal polo que as obras xa están en marcha. Aclara que o proxecto gañador é unha construción atípica, xa que ten unha configuración similar a un casco de madeira, que se constrúe en taller e despois se transporta e instala, polo que durante uns meses non se apreciarán avances na construción, pero logo evolucionará rapidamente.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:15 h do día 22 de novembro de 2017, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

A secretaria xeral

Salustiano Mato de la Iglesia

Gloria M. Pena Uris